

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de novembro de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:50 h.

HORA DE REMATE: 22:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTE: D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTE: D^a Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 9 de novembro de 2015.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

**2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE
CANGAS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

***????

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. M. R. G., en representación de "HERMANOS REY GRAÑA, C.B." (CAFÉ-BAR "LA MARINA"), para a ocupación de 60,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 3-Cangas, desde o 1 de outubro ata o ??? de ??? do ano que andamos, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes. Autorízase, así mesmo, a instalación de cubre toldo a ambos lados, que se conleva anclaxe na vía pública, cando remate a referida instalación deberá quedar o enlousado de pedra nas mesmas condicións nas que estaba antes da ocupación da vía pública.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J. A. L. P. ("TABERNA DOS CHATA") para a ocupación de 23,00 m²., cunha tarima desmontable con mesas e cadeiras enfrente do local sito en Rúa Saralegui, nº 28-Cangas, polo período que vai do 1 de outubro ao 31 de decembro do ano que andamos. Se a referida ocupación conleva anclaxe na vía pública, cando remate a referida instalación deberá quedar o enlousado de pedra nas mesmas condicións nas que estaba antes da ocupación da vía pública.

2.B) SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE POSTO DE VENDA NA PISCINA MUNICIPAL

Examinada a solicitude presentada o día 8.11.15 por J. R. C. V., en representación da "UTE SOOM-MANAGEMENT", empresa adxudicataria do contrato para a xestión da Piscina Municipal de Cangas, na que demanda autorización municipal para a instalación de un posto de exposición e venda de material deportivo dentro das instalacións da piscina municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. C. V., e polo tanto, conceder autorización municipal a "UTE SOOM-MANAGEMENT", para a instalación de un posto de exposición e venda de material deportivo dentro das instalacións da piscina municipal, nunha superficie de 1,00 m².

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e ao departamento de xestión de ingresos municipal, para a liquidación das taxas correspondentes pola instalación de referencia.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da

licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 25.547.- LICENZA MUNICIPAL N° 24.399.- A A. J. R., acéptaselle a renuncia á referida licenza, peticiónada mediante escrito do día 19 de outubro de 2015.

EXPEDIENTE N° 25.693.- A M. A. I. R., modifícaselle a licenza municipal de obras n° 21.926, de data 18 de febreiro de 2.009, rectificada por acordo do día 19 de agosto de 2009, no sentido de que as obras deben axustarse igualmente aos planos de estado final, visados o 4 de agosto de 2015, do arquitecto, José Díaz de la Iglesia.

EXPEDIENTE N° 25.725.- A V. P. S., para en Santa Marta-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír unha piscina de 46,30 m2., de conformidade co proxecto do aparelador, José Ponce Yáñez, de outubro de 2015 e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

3.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 18.143.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR VICENTE PIÑEIRO SOLIÑO

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 29 de outubro de 2015, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a V. P. S., para vivenda, sita en Santa Marta, nº1-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 17.952.

EXPEDIENTE N° 24.433. - LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 4 de setembro de 2015, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", para subestación sita no Polígono da Portela-A Madalena-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.362.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 25.700.- A "UFINET TELECOM, S.L.U.", para na Avda. da Coruña e San Roque-Darbo, construír 4 calicatas, 1 arqueta e 6,00 metros de

canalización, de conformidade co proxecto do 20 de xullo de 2015 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

* Debe presentar un aval por importe de MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (1.254,37 €), para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFINET TELECOM, S.L.U.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.616.- M. J. H., colocación de plaqueta e reparación de cerco en Camiño da Fonte, nº 1-Gandón-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.695.- S. B. D., forrado de fachada en Espiñeira, nº 46-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.697.- CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL, sistema de climatización en Paseo Marítimo de Rodeira, n° 8-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.703.- E. E. F., instalación de portal para acceso para vehículos en Rúa Enseñanza, n° 34-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.704.- E. e M. L. E. F., cerramento en Rúa Enseñanza, n° 34-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.723.- E. V. P., cambio de tella na Pedreira, n° 41-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.726.- L. G. C., reformas interiores na Avda. de Bueu, n° 2-3°D-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.729.- M. P. N., cambio de titularidade café-bar na Avda. de Montero Ríos, n° 11-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.757.- N. D. V., cambio de titularidade para venda de lambetadas en Rúa Sol esquina Santa Baia, n° 4-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.879.- "FONTE DO GALO, C.B.", cambio de titularidade de bar en Rúa Fonte do Galo, n° 7-Cangas. 1

5°.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA N° 14/2014-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.11.15, referente ao expediente de infracción urbanística n° 14/2014-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE N° 14/2014-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal no lugar de San Roque-Darbo consistentes en: realizar a reforma de un cerramento e unha soleira arrimada a un sendeiro.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 10 de xullo de 2015, e confirmada en data 27 de outubro de 2015, ha de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, (título V das Normas Urbanísticas II sistema viario).

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: M. V. V., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados, dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación do día 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 14/2014-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 5/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 5.11.15, referente ao expediente de INFRACIÓN urbanística nº 5/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 5/2015-S

PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar da Rosada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un galpón de aprox. 45 m2., onde xa existe outro de aprox. 40 m2.

Resultando que o día 6 de xullo do 2015 a Xunta de Goberno Local legaliza o referido galpón.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: E. C. V., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha INFRACIÓN urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que, se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados/as polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente, para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d.

1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por INFRACIÓN urbanística nº 5/2015-S.

6º.- INFORME DA OFICINA DE REHABILITACIÓN S/CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS REHABILITADAS DO CASCO HISTÓRICO DE CANGAS DOS OBOJECTIVOS 2011 (10ª FASE)

Dáse conta de informe do día 6.11.15 da oficina de rehabilitación, referente a cualificación definitiva das obras rehabilitadas do Casco Histórico de Cangas, correspondente aos obxectivos 2011 (10ª fase), que é como segue:

"INFORME:

Pola presente remitimos a cualificación definitiva das obras realizadas no casco dos Obxetivos 2011 (10ª Fase) para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, para remitilos á Consellería de Vivenda e posteriormente levar a cabo a tramitación dos pagamentos das axudas:

Nº EXP.	PROPIETARIO/A	SITUACIÓN OBRA	Fomento	IGVS	
Subv. concello					
<i>P-AR-0014/13</i>	<i>DASOMAR</i>	<i>Eugenio Sequeiros, 20</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>3.317,92 €</i>				
<i>P-AR-0015/13</i>	<i>DASOMAR</i>	<i>Eugenio Sequeiros, 31-A</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>2.196,00 €</i>				
<i>P-AR-0016/13</i>	<i>DASOMAR</i>	<i>Eugenio Sequeiros, 31-B</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>2.196,00 €</i>				
<i>P-AR-0010/13</i>	<i>M. S. C.</i>	<i>Real, 46-Baixo</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>3.498,66 €</i>				
<i>P-AR-0011/13</i>	<i>P. S. C.</i>	<i>Real, 46 - 2o</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>3.498,66 €</i>				
<i>P-AR-0026/13</i>	<i>J. S. C.</i>	<i>Real, 46-1º</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>3.498,66 €</i>				
<i>P-AR-0021/13</i>	<i>J.M.V.S.</i>	<i>Cervantes, 3</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>403,84 €</i>				
<i>P-AR-0022/13</i>	<i>A. S. G.</i>	<i>Outeiro, 1</i>	<i>5.000,00 €</i>	<i>5.000,00</i>	<i>€</i>
	<i>2.081,22 €</i>				
		TOTAL	40.000,00 €	40.000,00	€
	20.690,96 €				
	"				

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da oficina de rehabilitación, referente a cualificación definitiva das obras rehabilitadas do Casco Histórico de Cangas, correspondente aos obxectivos 2011 (10ª fase).

FACENDA

7º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
GALCANARY 2002, S.L.	AVAL	35.600,05 €	EXPTE. N° 22.503 LICENZA N° 22.384

8º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

8.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA N° 217/2015 DE 09/11/2015 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA SOBRE RECLAMACIÓN EN MATERIA DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE A. M. C. (X-13/17)

Dáse conta de Sentenza n° 217/2015 de 09/11/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo n° 1 de Pontevedra, sobre reclamación en materia de responsabilidade patrimonial de A. M. C., cos seguintes datos:

Reclamante: A. M. C.

Asunto: reclamación patrimonial contra diversas administracións, entre elas o Concello de Cangas, por lesións derivadas do afogamento da reclamante na Praia do Canabal.

Contido: a sentenza desestima a demanda en canto ao Concello de Cangas do Morrazo e tamén por tanto fronte a entidade codemandada MAPFRE SEGUROS, como entidade aseguradora do concello. Estima a demanda fronte á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, que resulta condenada ao pago de 417.269,00 euros máis xuros, sen imposición de custas.

Recursos: a sentenza non é firme e cabe a interposición de recurso de apelación dentro dos quince días seguintes aos da súa notificación perante o TSX Galicia.

Notificación: 10/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza n° 217/2015 de 09/11/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo n° 1 de Pontevedra, sobre reclamación en materia de responsabilidade patrimonial promovida por A. M. C.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

8.A) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO N° 218/2015 DE 05/11/2015 RECAÍDO NO P.O. N° 389/2011, POLO QUE SE DISPÓN A CADUCIDADE DA INSTANCIA E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE (X-11/53)

Dáse conta de Decreto nº 218/2015 do día 05/11/2015 recaído no Procedemento Ordinario nº 389/2011, polo que se dispón a caducidade da instancia e o arquivo do expediente, cos seguintes datos:

Reclamante: Construcciones Paraxe, S.L.

Asunto: procedemento seguido desde 2011 reclamando o pago de 3 facturas dos anos 2007 e 2008. A través do mecanismo do R.d. 4/2012 foron pagadas dúas. Por decreto do 28 de outubro de 2013 archívouse provisionalmente o procedemento que agora se declara caducado definitivamente.

Contido: dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto N° 218/2015 do día 05/11/2015 notificado 09/11/2015 que dispón ter por caducada a instancia e o arquivo das actuacións.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Decreto nº 218/2015 do día 05/11/2015 recaído no Procedemento Ordinario nº 389/2011, polo que se dispón a caducidade da instancia e o arquivo do expediente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

9º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta de resolución do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, do día 12.11.15, relativa a concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Don Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra).

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por J.L.F.P., con DNI 39466241N, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de SETECENTOS CORENTA EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (740,19 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO SOCIAL

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.11.15, referente ao inicio de expediente de contratación da xestión da cafetería do centro socio cultural, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO BAR-CAFETERÍA DO CENTRO SOCIO CULTURAL

Visto o convenio asinado o día 27.12.2011 entre o Concello de Cangas e a Asociación de Xubilados e Pensionistas Santiago de Cangas (NIF n° G36121143), polo que o Concello de Cangas autoriza o uso gratuíto e en precario dun espazo de 150,00 m2., de superficie na planta baixa do centro socio cultural municipal sito na Avda. de Castelao, n° 4, para dedícalo exclusivamente á prestación do servizo de bar-cafetería.

Visto que esta asociación manifestou a súa renuncia a continuar coa xestión do bar-cafetería e comunicou ao concello que remataría dita xestión o día 31.12.2015, cómpre iniciar o procedemento para a adxudicación do contrato de xestión e darlle así continuidade a ese servizo.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local, propono a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación da xestión do bar- cafetería do centro socio cultural sito na Avda. de Castelao, n° 4 de Cangas.

SEGUNDO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que Secretaría emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

CUARTO.- Que por Intervención se emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico, secretaria e intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación da xestión da cafetería do centro socio cultural.

11º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.11.15, referente ao inicio de expediente de contratación do servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E VIXILANCIA DA SAÚDE

Vista a Resolución da Alcaldía do día 21.01.2015 pola que se adxudica o servizo de prevención de riscos laborais, nas especialidades de seguridade, hixiene e ergonomía, mediante o procedemento de contrato menor á entidade 'PREMAP SEGURIDADE E SAÚDE, S.L.U.', polo período comprendido entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2015.

Visto que de acordo co disposto no artigo 23.3 do TRLCSP, os contratos menores non poden ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Vista a necesidade de seguir prestando o citado servizo, faise necesario iniciar un novo proceso de contratación de cara a garantir a continuidade na prestación deste.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

SEGUNDO.- Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que secretaría emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.

CUARTO.- Que por intervención se emita informe sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico, secretaría e intervención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación do servizo de prevención de riscos laborais e vixilancia da saúde.

12º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E DE VESTIARIO PARA PERSOAL MUNICIPAL

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.11.15, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de produtos de limpeza e de vestiario para persoal municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL

Vistos os contratos asinados o día 5.02.2014 coas empresas adxudicatarias das subministracións de produtos de limpeza (lote nº 1), uniformes para a policía local e protección civil (lote nº2) e roupa de traballo para outros departamentos municipais (lote nº 3).

Visto que a duración dos citados contratos era de un ano prorrogable por outro e que estes rematan o vindeiro 4.02.2016, sen posibilidade de que sexan prorrogados.

Vista a necesidade de seguir adquirindo tanto material de limpeza como vestiario para persoal municipal, para garantir que os traballadores municipais dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento das súas funcións e competencias, de acordo coa lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais e demais normativa de aplicación.

Por todo o que antecede, no uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación da subministración de produtos de limpeza e vestiario para o persoal municipal.*

SEGUNDO.- *Que polo departamento de apoio xurídico se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

TERCEIRO.- *Que secretaría emita informe sobre a lexislación e procedemento aplicables.*

CUARTO.- Que por intervención se emita informe sobre a existencia de crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que supón a realización deste contrato e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico, secretaría e intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao inicio de expediente de contratación da subministración de produtos de limpeza e de vestiario para persoal municipal.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO SENTENZA DIMANANTE DO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4466/1991, DTTADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 12.11.15, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento de sentenza dimanante do Procedemento Ordinario nº 4466/1991, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO SENTENZA DIMANANTE DO P.O. 4466/1991, DTTADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Vista a comunicación remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se me require para que informe sobre o estado de execución da sentenza ditada no P.O. nº 4466/1991.

Resultando que obra no expediente estudo técnico para a demolición elaborado polos servizos técnicos municipais.

De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Que polo servizo de contratación se proceda, en cumprimento da sentenza ditada no P.O. nº 4466/1991, ao inicio do expediente de contratación

para a demolición ordenada solicitando os preceptivos informes dos servizos económicos e encargados da execución material do concello.

Segundo.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo , e conceder un trámite de QUINCE DÍAS HÁBILES aos/ás afectados/as pola demolición para que poidan consultar, no departamento de urbanismo, o estudo técnico elaborado e formular as alegacións a este que estimen convenientes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento de sentenza dimanante do procedemento ordinario nº 4466/1991, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

B) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO DA SENTENZA DIMANANTE DO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 4476/1991 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 12.11.15, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento de sentenza dimanante do Procedemento Ordinario nº 4476/1991 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ACORDO A ADOPTAR PARA O CUMPRIMENTO SENTENZA DIMANANTE DO P.O. Nº 4476/1991, DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Vista a comunicación remitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se me require para que informe sobre o estado de execución da sentenza ditada no P.O. nº 4476/1991.

Resultando que obra no expediente estudo técnico para a demolición elaborado polos servizos técnicos municipais.

De acordo co ata aquí exposto esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- *Que polo servizo de contratación se proceda, en cumprimento da sentenza ditada no P.O. nº 4476/1991, ao inicio do expediente de contratación para a demolición ordenada, solicitando os preceptivos informes dos servizos económicos e encargados da execución material do concello.*

Segundo.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Urbanismo e conceder un trámite de QUINCE DÍAS HÁBILES aos afectados pola demolición, para que poidan consultar no departamento de*

Urbanismo o estudo técnico elaborado e formular as alegacións a este que estimen convenientes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao acordo a adoptar para o cumprimento de sentenza dimanante do Procedemento Ordinario nº 4476/1991, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

C) SINALIZACIÓNS VARIAS

C.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
E. E. F.	Rúa Enseñanza, nº 34-B-Darbo. Autorízase a instalación de sinal de pasaxe permanente, sendo necesario, así mesmo, o pintado do bordo da rúa a carón do portal. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

C.2) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 9.11.15 por J. I. G., na que demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 473 instalado en Rúa Cela, nº 5-Cangas, por falecemento do titular do sinal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o titular do sinal, G. V. M. (autorizado na X.G.L. do 20.11.03), está ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Facer mención que terá que acreditar o parentesco co titular do sinal e presentar certificado de defunción deste.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.

CUARTO.- Que por parte da solicitante se proceda á devolución da placa de referencia no departamento de tesourería.

C.3) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE ESPELLO EN TRIGÁS-COIRO

Visto o informe emitido o día 12.11.15 pola policía local, referente a solicitude de espello no cruce de Trigás-Coiro, que é como segue:

"Nº REX: 1918/15

ASUNTO: ESPELLO EN CASTRILLÓN, Nº 18-19, CRUCE TRIGÁS.

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por J. R. G., solicita un espello para o lugar de Castrillón, á altura dos números 18,19, cruce Trigás.

Infórmase o seguinte que o lugar ao que se refire é circulación única, accedendo os vehículos a velocidade excesiva ou inadecuada.

O espello soamente beneficia aos inmobles numerados cos nº 18 e 19, considerando que se trata da saída dunha propiedade privada e polo tanto dun interese particular.

Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se deberían instalar espellos públicos nestas circunstancias.

Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar a instalación por conta dos interesados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE SUBMINISTRACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS E SNACKS

Considerándose de interese para o concello regular a instalación, mantemento e explotación de máquinas expendedoras de bebidas frías e quentes e produtos sólidos nos diferentes edificios municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de adxudicación por concurso aberto da instalación, mantemento e explotación de máquinas expendedoras de bebidas frías e quentes e produtos sólidos en edificios municipais.

SEGUNDO.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Que por intervención se faga a retención de crédito que confirme que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que supón a sinatura deste contrato e que emita un informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

CUARTO.- Que secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento a seguir.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente